
UNHA ÚLTIMA CARTA

Texto de ANTONIS PAPATHEODOULOU

Ilustracións de IRIS SAMARTZI

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartón. 20 x 15 cm. 48 páx. 14 €.

Contén sobrecuberta.

IX PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO LO + 2016 (Canal Lector – Fundación Germán Sánchez Ruipérez)

Unha última carta (galego)

ISBN 978-84-8464-271-8. Premio Compostela.

Una última carta (castelán)

ISBN 978-84-8464-268-8. Premio Compostela.

L'última carta (catalán)

ISBN 978-84-8464-272-5. Premi Compostela.

Azken gutuna (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-957-9. Compostela Saria.

Uma última carta (portugués)

ISBN 978-989-749-070-5. Prémio Compostela.

Un'ultima lettera (italiano)

ISBN 978-88-95933-65-8. Premio Compostela.

Aquel era o derradeiro día de traballo do señor Costas.

O último día de ser o único carteiro en toda a illa.

Naquel tempo non había teléfono nin correo electrónico,

e todas as noticias viaxaban a pé...

“Unha última carta” transpórtanos a unha pequena e fermosa illa mediterránea cuxos habitantes teñen a fortuna de contar cun amable carteiro. Máis de 50 anos de servizo chegan ao seu fin nunha derradeira xornada de traballo que resultará inesquecible para todos. Empregando unha linguaxe poética e metafórica que xoga cos contrastes, Antonis Papatheodoulou presenta unha entrañable e emotiva homenaxe ao vello oficio de repartir cartas: o protagonista é un mensaxeiro vocacional, comprometido co valioso material que transporta na súa saca, cargada de afectos, recordos, boas e malas novas...

As ilustracións completan e enriquecen o texto cun orixinal collage de imaxes relacionadas co gremio postal: sobres, selos, palabras manuscritas que trazan a forma dos personaxes... Cun estudado esquema cinematográfico, Iris Samartzi combina distintos tipos de planos, ata o extremo de situar a ollada dos lectores no interior do bolso do carteiro. Tamén se cuida o aspecto cromático, cunha luminosa paleta na que predominan brancos, azuis, ocres, e coa que mesmo se plasma a carga simbólica de cada cor.

O IX Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado destaca pola súa harmonía e equilibrio, a capacidade para transmitir tenrura e alegría á vez, ademais de poñer en valor un oficio que favorece a comunicación e as relacións entre persoas e comunidades.



■ **Temática:** último día de traballo dun carteiro.

■ **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.

■ **Aspectos destacables:** Premio Compostela; homenaxe ao oficio postal; cartas, novas; comunicación, tecnoloxías; emocións, recordos; paisaxe mediterránea; collage.

Antonis Papatheodoulou

(Pireo, Grecia, 1977)

Estudou Animación; actualmente estuda Lingua e Cultura Española na Universidade Aberta de Grecia. Publicou máis de 40 libros infantís. Recibiu o Premio de Libro Infantil da revista Diavaso en 2011; o Premio Nacional Grego de Libro Ilustrado en 2011 e 2012, este último cunha obra ilustrada por Iris Samartzi; e o Premio de Libro Ilustrado da sección grega de IBBY. Cinco títulos da súa autoría figuran nas listas The White Ravens.

<http://www.antonispapatheodoulou.com>

Iris Samartzi

(Atenas, 1979)

Estudou Deseño Gráfico e Interior, ademais de Ilustración infantil. Traballa como ilustradora de libros infantís e profesora de debuxo en Educación Primaria. Xunto co X Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, recibiu, entre outros, o Premio Nacional de Libro Ilustrado da sección grega de IBBY en 2017, 2015 e 2012, este último por un libro con texto de Antonis Papatheodoulou. Unha das súas obras tamén figura na Lista de Honra IBBY 2014.

<http://www.irissamartzi.com>



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com
